

Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres

Adoptada e aberta à asinatura, ratificación e adhesión pola Resolución nº 34/180 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, de 18 de Decembro de 1979.

Entrada en vigor na orde internacional: 3 de Setembro de 1981, en conformidade con o artigo 27, nº 1.

Os Estados Parte na presente Convención,

Considerando que a Carta das Nacións Unidas reafirma a fé nos dereitos fundamentais, na dignidade e no valor da persoa humana e na igualdade de dereitos dos homes e das mulleres;

Considerando que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos afirma o principio de non discriminación e proclama que todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e en dereitos e que cada persoa pode prevalecer-se de todos os dereitos e de todas as liberdades aí enunciados, sen distinción algunha, nomeadamente de sexo;

Considerando que os Estados Parte nos pactos internacionais sobre dereitos humanos teñen a obrigaón de asegurar a igualdade de dereitos dos homes e das mulleres no exercicio de todos os dereitos económicos, sociais, culturais, civís e políticos;

Considerando as convencións internacionais concluídas sob a égide da Organización das Nacións Unidas e das institucións especializadas con vista a promover a igualdade de dereitos dos homes e das mulleres;

Considerando igualmente as resolucións, declaracións e recomendacións adoptadas pola Organización das Nacións Unidas e polas institucións especializadas con vista a promover a igualdade de dereitos dos homes e das mulleres;

Preocupados, no entanto, por constataren que, apesar destes diversos instrumentos, as mulleres continúan a ser obxecto de importantes discriminacións;

Lembrando que a discriminación contra as mulleres viola os principios da igualdade de dereitos e do respecto da dignidade humana, que dificulta a participación das mulleres, nas mesmas condicións que os homes, na vida política, social, económica e cultural do seu país, que crea obstáculos ao crecemento do ben-estar da sociedade e da familia e que impede as mulleres de serviren o seu país e a Humanidade en toda a medida das súas posibilidades;

Preocupados polo feito de que en situación de pobreza as mulleres teñen un acceso mínimo à alimentación, aos servizos médicos, à educación, à formación e às posibilidades de emprego e à satisfacción de outras necesidades;

Convencidos de que a instauración da nova orde económica internacional baseada na equidade e na xustiza contribuirá de forma significativa para promover a igualdade entre os homes e as mulleres;

Subliñando que a eliminación do *apartheid*, de todas as formas de racismo, de discriminación racial, de colonialismo, de neocolonialismo, de agresión, de ocupación e dominación estranxeiras e de inxerencia nos asuntos internos dos Estados é indispensable ao pleno gozo dos seus dereitos polos homes e polas mulleres;

Afirmando que o reforzo da paz e da seguranza internacionais, o abrandamento da tensión internacional, a cooperación entre todos os Estados, sexan cais foren os seus sistemas sociais e económicos, e o desarmamento xeral e completo, en particular o desarmamento nuclear sob controlo internacional estrito e eficaz, a afirmación dos principios da xustiza, da igualdade e da vantaxe mútua nas relación entre países e a realización do dereito dos povos suxeitos a dominación estranxeira e colonial e a ocupación estranxeira à autodeterminación e à independencia, así como o respecto da soberanía nacional e da integridade territorial, favorecerán o progreso social e o desenvolvemento e contribuirán en consecuencia para a realización da plena igualdade entre os homes e as mulleres;

Convencidos de que o desenvolvemento pleno de un país, o ben-estar do mundo e a causa da paz necesitan da máxima participación das mulleres, en igualdade con os homes, en todos os domínios;

Tomando en consideración a importancia da contribución das mulleres para o ben-estar da familia e o progreso da sociedade, que até agora non foi plenamente recoñecida, a importancia social da maternidade e do papel de ambos os pais na familia e na educación das crianzas, e conscientes de que o papel das mulleres na procreación non debe ser unha causa de discriminación, mas que a educación das crianzas esixe a partilla de responsabilidade entre os homes, as mulleres e a sociedade no seu conxunto;

Conscientes de que é necesaria unha mudanza no papel tradicional dos homes, tal como no papel das mulleres na familia e na sociedade, se se quer alcanzar unha real igualdade dos homes e das mulleres;

Resolvidos a pór en práctica os principios enunciados na Declaración sobre a Eliminación da Discriminación contra as Mulleres e, con tal obxectivo, a adoptar as medidas necesarias à supresión desta discriminación sob todas as súas formas e en todas as súas manifestacións;

Acordan no seguinte:

PARTE I

Artigo 1.º

Para os fins da presente Convención, a expresión “discriminación contra as mulleres” significa calquer distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña como efecto ou como obxectivo comprometer ou destruír o recoñecimento, o gozo ou exercicio polas mulleres, sexa cal for o seu estado civil, con base na igualdade dos homes e das mulleres, dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais nos domínios político, económico, social, cultural e civil ou en calquer outro dominio.

Artigo 2.º

Os Estados Parte condenan a discriminación contra as mulleres sob todas as súas formas, acordan en proseguir, por todos os medios apropiados e sen demora, unha política tendente a eliminar a discriminación contra as mulleres e, con este fin, comprometen-se a:

- a) Inscrever na súa constitución nacional ou en calquer outra lei apropiada o principio da igualdade dos homes e das mulleres, se o mesmo non tiver xa sido feito, e asegurar por vía lexislativa ou por outros medios apropiados a aplicación efectiva do mesmo principio;
- b) Adoptar medidas lexislativas e outras medidas apropiadas, incluíndo a determinación de sancións en caso de necesidade, proibindo toda discriminación contra as mulleres;
- c) Instaurar unha protección xurisdiccional dos dereitos das mulleres en pé de igualdade con os homes e garantir, por intermedio dos tribunais nacionais competentes e outras institucións públicas, a protección efectiva das mulleres contra calquer acto discriminatório;
- d) Abster-se de calquer acto ou práctica discriminatória contra as mulleres e actuar por forma que as autoridades e institucións públicas se conformen con esta obrigação;
- e) Tomar todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación practicada contra as mulleres por persoas, organizacións ou empresas;
- f) Tomar todas as medidas apropiadas, incluíndo disposicións lexislativas, para modificar ou revogar calquer lei, disposición regulamentar, costume ou práctica que constitua discriminación contra as mulleres;
- g) Revogar todas as disposicións penais que constitúan discriminación contra as mulleres.

Artigo 3.º

Os Estados Parte toman en todos os domínios, nomeadamente nos domínios político, social, económico e cultural, todas as medidas apropiadas, incluíndo disposicións lexislativas, para asegurar o pleno desenvolvemento e o progreso das mulleres, con vista a garantir-lles o exercicio e o gozo dos dereitos do home e das liberdades fundamentais, con base na igualdade con os homes.

Artigo 4.º

1. A adopción polos Estados Parte de medidas temporáreas especiais visando acelerar a instauración de unha igualdade de facto entre os homes e as mulleres non é considerada como un acto de discriminación, tal como definido na presente Convención, mas non debe de nengunha forma ter como consecuencia o mantemento de normas desiguais ou distintas; estas medidas deben ser postas de parte cando os obxectivos en materia de igualdade de oportunidades e de tratamento tiveren sido atinxidos.

2. A adopción polos Estados Parte de medidas especiais, incluíndo as medidas previstas na presente Convención que visen protexer a maternidade, non é considerada como un acto discriminatório.

Artigo 5.º

Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para:

- a) Modificar os esquemas e modelos de comportamento sócio-cultural dos homes e das mulleres con vista a alcanzar a eliminación dos preconceitos e das prácticas costumeiras, ou de calquer outro tipo, que se funden na idea de inferioridade ou de superioridade de un ou de outro sexo ou de un papel estereotipado dos homes e das mulleres.
- b) Asegurar que a educación familiar contribua para un entendimento correcto da maternidade como función social e para o recoñecimento da responsabilidade comun dos homes e das mulleres na educación e desenvolvemento dos fillos, devendo entender-se que o interese dos nenos é consideración primordial en todos os casos.

Artigo 6.º

Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas, incluíndo disposicións lexislativas, para suprimir todas as formas de tráfico das mulleres e de explotación da prostitución das mulleres.

PARTE II

Artigo 7.º

Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres na vida política e pública do país e, en particular, aseguran-lles, en condicións de igualdade con os homes, o dereito:

- a) de votar en todas as eleccións e en todos os referendos públicos e de ser elixíveis para todos os organismos publicamente eleitos;
- b) de tomar parte na formulación da política do Estado e na súa execución, de ocupar empregos públicos e de exercer todos os cargos públicos en todos os niveis do goberno;
- c) de participar nas organizacións e asociacións non governamentais que se ocupen da vida pública e política do país.

Artigo 8.º

Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para que as mulleres, en condicións de igualdade con os homes e sen nengunha discriminación, teñan a posibilidade de representar os seus gobernos a escala internacional e de participar nos traballos das organizacións internacionais.

Artigo 9.º

1. Os Estados Parte conceden às mulleres dereitos iguais aos dos homes no que respecta à adquisición, mudanza e conservación da nacionalidade. Garanten, en particular, que nen o casamento con un estranxeiro nen a mudanza de nacionalidade do marido na constancia do casamento producen automaticamente a mudanza de nacionalidade da muller, a tornan apátrida ou a obrigan a adquirir a nacionalidade do marido.

2. Os Estados Parte conceden às mulleres dereitos iguais aos dos homes no que respecta à nacionalidade dos fillos.

PARTE III

Artigo 10.º

Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres con o fin de lles asegurar dereitos iguais aos dos homes no dominio da educación e, en particular, para asegurar, con base na igualdade dos homes e das mulleres:

- a) as mesmas condicións de orientación profesional, de acceso aos estudos e de obtención de diplomas nos establecementos de ensino de todas as categorías, nas zonas rurais como nas zonas urbanas, devendo esta igualdade ser asegurada no ensino pré-escolar, xeral, técnico, profesional e técnico superior, así como en calquer outro medio de formación profesional;

- b) o acceso aos mesmos programas, aos mesmos exames, a un persoal de ensino que posua cualificacións do mesmo nivel, a locais escolares e a equipamento da mesma calidade;
- c) a eliminación de calquer concepción estereotipada dos papéis dos homes e das mulleres en todos os niveis e en todas as formas de ensino, encoraxando a coeducación e outros tipos de educación que axudarán a realizar este obxectivo, en particular revendo os libros e programas escolares e adaptando dos métodos pedagóxicos;
- d) as mesmas posibilidades no que respeita à concesión de bolsas e outros subsídios para os estudos;
- e) as mesmas posibilidades de acceso aos programas de educación permanente, incluíndo os programas de alfabetización para adultos e de alfabetización funcional, con vista, nomeadamente, a reducir o mais cedo posíbel calquer desnível de instrución que exista entre os homes e as mulleres;
- f) a redución das taxas de abandono feminino dos estudos e a organización de programas para as raparigas e as mulleres que abandonaren prematuramente a escola;
- g) as mesmas posibilidades de participar activamente nos deportes e na educación física;
- h) o acceso a informacións específicas de carácter educativo tendentes a asegurar a saúde e o ben-estar das familias, incluíndo a información e o aconsellamento relativos ao planeamento da familia.

Artigo 11.º

1. Os Estados Parte comprometen-se a tomar todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres no dominio do emprego con o fin de asegurar, con base na igualdade dos homes e das mulleres, os mesmos dereitos, en particular:

- a) o dereito ao traballo, encanto dereito inalienábel de todos os seres humanos;
- b) o dereito às mesmas posibilidades e emprego, incluíndo a aplicación dos mesmos criterios de selección en materia de emprego;
- c) o dereito à libre escolla da profesión e do emprego, o dereito à promoción, à estabilidade do emprego e a todas as prestacións e condicións de traballo e o dereito à formación profesional e a reciclaxe, incluíndo a aprendizaxe, o aperfeizoamento profesional e a formación permanente;
- d) o dereito à igualdade de remuneración, incluíndo prestacións, e à igualdade de tratamento para un traballo de igual valor, así como à igualdade de tratamento no que respeita à avaliación da calidade do traballo;

- e) o dereito à seguranza social, nomeadamente às prestacións de reforma, desemprego, doenza, invalidez e vellez ou relativas a calquer outra perda de capacidade de traballo, así como o dereito a fėrias pagas;
- f) o dereito à protección da saúde e à seguranza nas condicións de traballo, incluíndo a salvagarda da función de reprodución.

2. Con o fin de evitar a discriminación contra as mulleres por causa do casamento ou da maternidade e de garantir o seu dereito efectivo ao traballo, os Estados Parte comprometen-se a tomar medidas apropiadas para:

- a) prohibir, sob pena de sancións, o despedimento por causa da gravidez ou do gozo do dereito a un período de dispensa do traballo por ocasión da maternidade, ben como a discriminación nos despedimentos fundada no estado matrimonial;
- b) instituír a concesión do dereito a un período de dispensa do traballo por ocasión da maternidade pago ou conferindo dereito a prestacións sociais comparáveis, con a garantía da manutención do emprego anterior, dos dereitos de antigüidade e das vantaxes sociais;
- c) encoraxar o fornecimento dos servizos sociais de apoio necesarios para permitir aos proxenitores conciliar as obrigacións familiares con as responsabilidades profesionais e a participación na vida pública, en particular favorecendo a creación e o desenvolvemento de unha rede de establecementos de garda de crianzas;
- d) asegurar unha protección especial às mulleres grávidas cuxo traballo é comprovadamente nocivo.

3. A lexislación que visa protexer as mulleres nos domínios abranxidos polo presente artigo será revista periodicamente en función dos coñecimentos científicos e técnicos e será modificada, revo gada ou alargada segundo as necesidades.

Artigo 12.º

1. Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres no domínio dos cuidados de saúde, con vista a asegurar-lles, con base na igualdade dos homes e das mulleres, o acceso aos servizos médicos, incluíndo os relativos ao planeamento da familia.

2. Non obstante as disposicións do parágrafo 1 deste artigo, os Estados Parte fornecerán às mulleres durante a gravidez, durante o parto e despois do parto servizos apropiados e, se necesario, gratuitos, así como unha nutrición adecuada durante a gravidez e o aleitamento.

Artigo 13.º

Os Estados Parte comprometen-se a tomar todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres noutros domínios da vida económica e social, con o fin de asegurar, con base na igualdade dos homes e das mulleres, os mesmos dereitos, en particular:

- a) o dereito à prestacións familiares;
- b) o dereito a empréstitos bancários, empréstitos hipotecários e outras formas de crédito financeiro;
- c) o dereito de participar nas actividades recreativas, nos deportes e en todos os aspectos da vida cultural.

Artigo 14.º

1. Os Estados Parte teñen en conta os problemas particulares das mulleres rurais e o papel importante que estas mulleres desempeñan para a sobrevivencia económica das súas familias, nomeadamente polo seu traballo nos sectores non monetários da economía, e toman todas as medidas apropiadas para asegurar a aplicación das disposicións da presente Convención às mulleres das zonas rurais.

2. Os Estados Parte toman todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres nas zonas rurais, con o fin de asegurar, con base na igualdade dos homes e das mulleres, a súa participación no desenvolvemento rural e nas súas vantaxes e, en particular, asegurando-lles o dereito:

- a) de participar plenamente na elaboración e na execución dos planos de desenvolvemento en todos os niveis;
- b) de ter acceso aos servizos adecuados no dominio da saúde, incluíndo a información, aconsellamento e servizos en materia de planeamento da familia;
- c) de beneficiar directamente dos programas de seguranza social;
- d) de recibir todo tipo de formación e de educación, escolares ou non, incluíndo en materia de alfabetización funcional, e de poder beneficiar de todos os servizos comunitários e de extensión, nomeadamente para mellorar a súa competencia técnica;
- e) de organizar grupos de entreaxuda e cooperativas con o fin de permitir a igualdade de oportunidades no plano económico, quer se trate de traballo asalariado ou de traballo independente;
- f) de participar en todas as actividades da comunidade;
- g) de ter acceso ao crédito e aos empréstitos agrícolas, así como aos servizos de comercialización e às tecnoloxías apropiadas e de recibir un tratamento igual nas reformas fundiárias e agrárias e nos proxectos de reordenamento rural;
- h) de beneficiar de condicións de vida convenientes, nomeadamente no que di respeito a aloxamento, saneamento, fornecimento de electricidade e de auga, transportes e comunicacións.

PARTE IV

Artigo 15.º

1. Os Estados Parte recoñecen às mulleres a igualdade con os homes perante a lei.

2. Os Estados Parte recoñecen às mulleres en materia civil, capacidade xurídica idéntica à dos homes e as mesmas posibilidades de exercicio desa capacidade. Recoñecen-lles, en particular, dereitos iguais no que respeita à celebración de contratos e à administración dos bens e conceden-lles o mesmo tratamento en todos os estádios do proceso xudicial.

3. Os Estados Parte acordan en que calquer contrato e calquer outro instrumento privado, sexa de que tipo for, que vise limitar a capacidade xurídica da muller deve ser considerado como nulo.

4. Os Estados Parte recoñecen aos homes e às mulleres os mesmos dereitos no que respeita à lexislación relativa à libre circulación das persoas e à liberdade de escolla de residencia e domicilio.

Artigo 16.º

1. Os Estados Parte toman todas as medidas necesarias para eliminar a discriminación contra as mulleres en todas as cuestións relativas ao casamento e às relacións familiares e, en particular, aseguran, con base na igualdade dos homes e das mulleres:

- a) o mesmo dereito de contrair casamento;
- b) o mesmo dereito de escoller libremente o cónxuxe e de só contrair casamento de libre e plena vontade.
- c) os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades na constancia do casamento e no momento da súa disolución;
- d) os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades encanto proxenitores, sexa cal for o estado civil, para as cuestións relativas aos seus fillos; en todos os casos, o interese das crianzas será a consideración primordial;
- e) os mesmos dereitos de decidir libremente e con todo o coñecimento de causa do número e do espazamento dos nacementos e de ter acceso à información, à educación e aos meios necesarios para permitir o exercicio destes dereitos;
- f) os mesmos dereitos e responsabilidades en materia de tutela, curatela, guarda e adopción das crianzas, ou institucións similares, cando estes institutos existan na lexislación nacional; en todos os casos, o interese dos nenos será a consideración primordial;

- g) os mesmos dereitos persoais ao marido e à muller, incluíndo o que respeita à escolla do nome de familia, de unha profesión ou de unha ocupación;
- h) os mesmos dereitos a cada un dos cónxuxes en materia de propiedade, adquisición, xestión, administración, gozo e disposición dos bens, tanto a título gratuito como a título oneroso.

2. A promesa de casamento e o casamento de crianzas non terán efectos xurídicos e todas as medidas necesarias, incluíndo disposición lexislativas, serán tomadas con o fin de fixar unha idade mínima para o casamento e de tornar obrigatorio o rexisto do casamento nun rexisto oficial.

PARTE V

Artigo 17.º

1. Con o fin de examinar os progresos realizados na aplicación da presente Convención, é constituído un Comité para a Eliminación da Discriminación contra as Mulleres (en seguida denominado Comité), que se compón, no momento de entrada en vigor da Convención, de dezoito e, despois da súa ratificación ou da adhesión do 35º Estado Parte, de vinte-e-tres peritos de unha alta autoridade moral e de grande competencia no dominio abrangido pola presente Convención. Os peritos son eleitos polos Estados Parte de entre os seus nacionais e exercen as súas funcións a título persoal, devendo ter-se en conta o principio de unha repartición xeográfica equitativa e de representación das diferentes formas de civilización, así como dos principais sistemas xurídicos.

2. Os membros do Comité son eleitos por escrutinio secreto de entre unha lista de candidatos designados polos Estados Parte. Cada Estado Parte pode designar un candidato escollido de entre os seus nacionais.

3. A primeira elección terá lugar seis meses despois da data da entrada en vigor da presente Convención. Polo menos tres meses antes da data de cada elección, o Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas dirixe unha carta aos Estados Parte para os convidar a submeter as súas candidaturas nun prazo de dous meses. O Secretario-Xeral elabora unha lista alfabética de todos os candidatos, indicando por que Estado foran designados, lista que comunica aos Estados Parte.

4. Os membros do Comité son eleitos no decurso de unha reunión dos Estados Parte convocada polo Secretario-Xeral para a sede da Organización das Nacións Unidas. Nesta reunión, en que o quorum é constituído por dous terzos dos Estados Parte, son eleitos membros do Comité os candidatos que teñan obtido o maior número de votos e a maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados Parte presentes e votantes.

5. Os membros do Comité son eleitos para un período de catro anos. No entanto, o mandato de nove dos membros eleitos na primeira elección termina ao fin de dous anos; o presidente do Comité tira à sorte os nomes destes nove membros inmediatamente despois da primeira elección.

6. A elección dos cinco membros adicionais do Comité realiza-se nos termos das disposicións dos parágrafos 2, 3 e 4 do presente artigo, a seguir à 35ª ratificación ou adhesión. O mandato de dous dos membros adicionais eleitos nesta ocasión termina ao fin de dous anos; o nome destes dous membros é tirado à sorte polo presidente do Comité.

7. Para suprir eventuais vagas, o Estado Parte cuxo perito teña cesado de exercer as súas funcións de membro do Comité nomea un outro perito de entre os seus nacionais, sob reserva da aprobación do Comité.

8. Os membros do Comité reciben, con a aprobación da Asemblea Xeral, emolumentos retirados dos fondos da Organización das Nacións Unidas, nas condicións fixadas pola Asemblea, tendo en conta a importancia das funcións do Comité.

9. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas pon à disposición do Comité o persoal e os medios materiais que lle son necesarios para o desempeño eficaz das funcións que lle son confiadas pola presente Convención.

Artigo 18.º

1. Os Estados Parte comprometen-se a presentar ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, para exame polo Comité, un relatório sobre as medidas de orde lexislativa, xudiciária, administrativa ou outra que teñan adoptado para dar aplicación às disposicións da presente Convención e sobre os progresos realizados a este respecto:

- a) no ano seguinte à entrada en vigor da Convención para o Estado interesado;
- b) en seguida, de catro en catro anos, e sempre que o Comité o pedir.

2. Os relatórios poden indicar os factores e dificultades que afectan a medida en que son cumpridas as obrigacións previstas pola presente Convención.

Artigo 19.º

1. O Comité adopta o seu propio regulamento interior.
2. O Comité elixe o seu secretariado para un período de dous anos.

Artigo 20.º

1. O Comité reúne normalmente durante un período de dúas semanas no máximo en cada ano para examinar os relatórios presentados nos termos do artigo 18º da presente Convención.

2. As sesións do Comité teñen lugar normalmente na sede da Organización das Nacións Unidas ou en calquer outro lugar adecuado determinado polo Comité.

Artigo 21.º

1. O Comité presta contas todos os anos à Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, por intermedio do Consello Económico e Social, das suas actividades e pode formular suxestións e recomendacións xerais fundadas no exame dos relatórios e das informacións recibidas dos Estados Parte. Estas suxestións e recomendacións son incluídas no relatório do Comité, acompañadas, sendo o caso, das observacións dos Estados Parte.

2. O Secretario-Xeral transmite os relatórios do Comité à Comisión do Estatuto das Mulleres para información.

Artigo 22.º

As institucións especializadas teñen o dereito de estar representadas no momento do exame da aplicación de calquer disposición da presente Convención que entre no ámbito das suas actividades. O Comité pode convidar as institucións especializadas a submeter relatórios sobre a aplicación da Convención nos dominios que entran no ámbito das suas actividades.

PARTE VI

Artigo 23.º

Nengunha das disposicións da presente Convención pon en causa as disposicións mais propicias à realización da igualdade entre os homes e as mulleres que podan conter-se:

- a) na lexislación de un Estado Parte;
- b) en calquer outra convención, tratado ou acordo internacional en vigor nese Estado.

Artigo 24.º

Os Estados Parte comprometen-se a adoptar todas as medidas necesarias no ámbito nacional para asegurar o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos pola presente Convención.

Artigo 25.º

1. A presente Convención está aberta à asinatura de todos os Estados.
2. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas é designado como depositario da presente Convención.

3. A presente Convención está suxeita a ratificación e os instrumentos de ratificación son depositados xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

4. A presente Convención está aberta à adhesión de todos os Estados. A adhesión efectua-se polo depósito de un instrumento de adhesión xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 26.º

1. Calquer Estado Parte pode pedir en calquer momento a revisión da presente Convención, dirixindo unha comunicación escrita para este efecto ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

2. A Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas decide das medidas a tomar, sendo o caso, en relación a un pedido desta natureza.

Artigo 27.º

1. A presente Convención entra en vigor no 30º día a seguir à data do depósito xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas do 20º instrumento de ratificación ou de adhesión.

2. Para cada un dos Estados que ratifiquen a presente Convención ou a ela adiran despois do depósito do 20º instrumento de ratificación ou de adhesión, a mesma Convención entra en vigor no 30º día a seguir à data do depósito por ese Estado do seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 28.º

1. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas recibe e comunica a todos os Estados o texto das reservas que foren feitas no momento da ratificación ou da adhesión.

2. Non é autorizada nengunha reserva incompatible con o obxecto e o fin da presente Convención.

3. As reservas poden ser retiradas en calquer momento por vía de notificación dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas, o cal informa todos os Estados Parte na Convención. A notificación ten efectos na data de recepción.

Artigo 29.º

1. Calquer diferendo entre dous ou mais Estados Parte relativamente à interpretación ou à aplicación da presente Convención que non sexa resolvido por vía de negociación é submetido a arbitraje, a pedido de un de entre eles. Se nos seis meses a seguir à data do pedido de arbitraje as Partes non chegaren a acordo sobre a organización da arbitraje, calquer delas pode submeter o diferendo ao Tribunal Internacional de Xustiza, mediante un requerimento nos termos do Estatuto do Tribunal.

2. Calquer Estado Parte pode, no momento en que asinar a presente Convención, a ratificar ou a ela aderir, declarar que non se considera vinculado polas disposicións do parágrafo 1 do presente artigo. Os outros Estados Parte non están vinculados polas mesmas disposicións nas súas relacións con un Estado Parte que tiver formulado unha tal reserva.

3. Calquer Estado Parte que teña formulado unha reserva conformemente às disposicións do parágrafo 2. do presente artigo pode en calquer momento retirar esa reserva por unha notificación dirixida ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

Artigo 30.º

A presente Convención, cuxos textos en inglés, árabe, chinés, español, francés e ruso fan igualmente fé, é depositada xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.